

EXAME LÍRICA MEDIEVAL CORRIXIDO

1. As vías de penetración da lírica trobadoresca no ámbito galego-portugués (1 PUNTO)

A poesía trobadoresca penetra no ámbito lingüístico galego portugués a través de varias vías:

- a) Camiño de Santiago, ruta comercial e espiritual que unía Compostela con toda Europa.
- b) Orde de Cluny. A partir do século XII, monxes da orde de Cluny reforman e instálanse en vellos mosteiros galegos. Estes monxes desempeñan unha importante función educativa.
- c) Contactos nobiliares. Na expansión da lírica trobadoresca foron tamén importantes as relacións entre os nobres provenzais e os galegos.

2. Establece a periodización da lírica trobadoresca galego-portuguesa: (0,5 PUNTOS)

A lírica trobadoresca galego-portuguesa desenvólvese plenamente durante o século XIII e a primeira metade do XIV (150 anos). Diferenciamos tres etapas:

- Período pre-trobadoresco (s. XII), a cantiga máis antiga data de 1196
- Período de esplendor (lírica galego portuguesa), do século XIII a mediados do XIV
- Período de decadencia, de mediados do XV en diante

3. Establece as principais diferenzas entre a cantiga de amigo e cantiga de amor: (1 PUNTO)

Cantigas de amigo: voz lírica feminina, unha doncela expresa o amor polo amado (amigo), orixe popular, simboloxía da natureza

Cantigas de amor: voz lírica masculina, o trobador expresa o amor pola muller amada (senhor), é sempre un amor non correspondido, orixe culta, relación de vasalaxe.

4. Establece as diferenzas entre trobador e xograr: (0,5 PUNTOS)

Trobador: orixe nobre, poeta e compositor (ten formación literaria e musical), compón por amor á arte.

Xograr: orixe humilde, interpreta as composicións doutros autores, ás veces con acompañamento musical, é un traballador que vive da interpretación, aínda que ás veces compoñen a súas letras.

5. Cita os tres cancioneiros que conteñen as cantigas: (0,5 PUNTOS)

Cancioneiro de Ajuda, Cancioneiro da Biblioteca Nacional e Cancioneiro da Vaticana.

6. Caracteriza a lírica burlesca e explica a diferenza entre cantigas de *escarnio* e *maldizer*: (0,5 PUNTOS)

As cantigas de burlas teñen un modelo no sirventés satírico-moral provenzal, son composicións satíricas e críticas contra diferentes clases sociais. Presentan normalmente unha linguaxe obscena. Distinguimos dous tipos:

- as cantigas de escarnio, que eran as que falaban mal dalgunha persoa. Era, xa que logo, sátira persoal, e nela empregaban palabras de dobre entendemento (con dous valores semánticos) mediante a equivocatio (*equivoco, ironía, dobre sentido*). Satirizaban de forma indirecta e encuberta.
- as cantigas de maldizer, eras aquelas nas que se falaba mal de forma aberta. Implicaban unha sátira clara e directa, na que se lle chamaba ás cousas polo seu nome.

7. Le a seguinte cantiga de Pero Meogo e responde (2 PUNTOS):

– Digades, filha, mia filha velida:
por que tardastes na fontana fría?

– Os amores ei¹.

– Digades, filha, mia filha louçana:
por que tardastes na fría fontana?

– Os amores ei.

Tardei, mia madre, na fontana fría,
cervos do monte a auga volvían:

– Os amores ei.

Tardei, mia madre, na fría fontana,
cervos do monte volvían á auga:

os amores ei.

– Mentir, mia filha, mentir por amigo!
Nunca vi cervo que volvesse o río.

– Os amores ei.

– Mentir, mia filha, mentir por amado!
Nunca vi cervo que volvesse o alto.

– Os amores ei.

Indica o xénero e o subtipo, xustifícao con fragmentos do texto:

É unha cantiga de amigo, aparece a marca de xénero (amigo), cantiga dialogada entre a amiga e a súa nai. Non se encaixa en ningún subtipo (mariña, bailada, romaría, alba)

Indica brevemente (1 / 2 liñas) o contido da cantiga e sinala os símbolos que poidan aparecer.

A nai pregúntalle á amiga por que tardou tanto na fonte e esta respóndelle que os cervos revolvían a auga. A nai é consciente da mentira da moza, xa que os cervos (animais salvaxes), non van á auga se hai xente. Os símbolos son a auga da fonte (fecundidade da moza) e o cervo (virilidade masculina), polo que a moza trata de ocultarlle á nai un encontro co amigo.

Sinala no texto todos os mecanismos de repetición.

Paralelismo entre cobras pareadas e refrán

Fai a análise métrica e clasifica as cobras segundo a rima.

Esquema métrico: 10'a 10'a 5B, as catro primeiras cobras alternas e as dúas últimas singulares.

¹ Os amores ei: Teño amores

8. Le a seguinte cantiga de Roi Paez de Ribela e responde (2 PUNTOS)

Quando vos vi, fremosa mia sennor,
logo vos soube tan gran ben **querer**
que non coidei que ouvesse poder,
per nulla ren², de vos **querer** mellor,
*e ora ja direi-vos que mi aven:
cada dia vos quero maior ben.*

E, porque vos vi fremoso falar
e parecer, logo vos tant' **amei**,
sennor fremosa, que assi coidei

que nunca vos podesse máis **amar**,
*e ora ja direi-vos que mi aven:
cada dia vos quero maior ben.*

Amei-vos tant'u vos primeiro vi
que nunca ome tan de coraçon
amou moller, e coidei eu enton
que maior ben non avia ja i,
*e ora ja direi-vos que mi aven:
cada dia vos quero maior ben.*

Indica o xénero da cantiga e os campos sémicos predominantes, tira exemplos do texto.

Trátase dunha cantiga de amor, pois aparece na primeira cobra a marca de xénero (*mia sennor*), os campos sémicos predominantes son o amor do poeta (*tan ben querer, querer mellor, amei-vos tanto, amou moller..*) e a louvanza da dama (*fremosa mia señor, fremoso falar e parecer*)

Clasifica as cobras segundo a rima.

Tres cobras singulares con esquema 10a 10b 10b 10a 10C 10C (xa sei que non vos pedín a métrica)

Indica o contido da cantiga e establece o grao de aproximación á dama.

O trovador manifesta o amor pola dama desde a primeira vez que a viu e non hai ningunha cousa que poida facer máis que amala, define á *senhor* como fermosa, de fermoso falar e parecer e di que ningún home amou tanto como el. Segundo isto podemos ver que non hai rexeitamento da dama e o poeta manifesta as súas intencións (*precador*)

Sinala no texto os recursos de repetición que atopes.

Tres cobras con refrán, dobre e mordobre (no texto)

² Per nulla ren: por ningunha cousa, de ningún modo

9. Le a seguinte cantiga de Pero da Ponte e responde: (2 PUNTOS)

Maria Pérez, a nossa cruzada,
quando veu da terra d'Ultramar,
assi veu de **perdom** carregada
que se nom podía com el merger;
mais furtam-lho, cada u vai maer,
e do **perdom** já nom lhi ficou nada.

E o perdom é cousa mui preçada
e que se devia muit'a guardar;
mais ela nom há **maeta** ferrada
em que o guarde, nen'a pod'haver,
ca, pois o cadead'en foi perder,
semp'r'a **maeta** andou descadeada.

Tal maeta como será guardada,
pois rapazes albergam no lugar,
que nom haj'a seer mui **trastornada**?
Ca, o lugar u eles ham poder,
nom há perdom que s'i possa asconder,
assi sabem **trastornar** a pousada.

E outra cousa vos quero dizer:
tal perdom bem se devera perder,
ca muito foi cousa mal gaada.

Indica razoadamente se é unha cantiga de escarnio ou de maldizer e se hai “equivocatio”.

Cantiga dirixida á María Pérez, famosa soldadeira, trátase dunha cantiga de escarnio, xa que como afirma *A arte de trovar* son aquelas que fan querendo dicir mal de alguén e fano con palabras encubertas, ironías ou dobres sentidos. A figura retórica empregada é a *equivocatio*, neste caso a palabra *maeta descadeada* refírese á vaxina.

Indica brevemente o contido da cantiga.

As viaxes a ultramar son peregrinacións, normalmente con motivos relixiosos, neste caso a Balteira vai buscando o perdón e conségueo, pero de volta pédeo, porque no camiño os rapaces vanllo roubando, xa que ela nunca pecha a súa maleta. Co dobre sentido o autor quere dicir que a muller mantén moitas relacións sexuais con diferentes homes.

Clasificación formal (esquema de rima, recursos, refrán, mestría, fiinda...)

Trátase dunha cantiga de mestría, considerandas máis perfectas e con fiinda (cobra ao final do *talho* cun número de *palavras* menor).

Cobras unisonans, tamén consideradas máis perfectas, repítese a mesma rima ao longo de toda a composición: 3x 10'a, 10x 10'a 10'b 10'b 10'a, a segunda non rima, pois é aguda (*palavra perduda*).

Tamén atopamos exemplos de dobre (sinalados no texto.)